

Na Estrada, a .....de ..... de 2025

## REUNIDOS

Dunha parte, o Alcalde do Excmo. Concello de A Estrada, D. Gonzalo Louzao Dono, con DNI 44.091707V , en representación do mesmo, e actuando en nome e representación do mesmo.

Doutra parte, ao Presidenta da ANPA OUTEIRO DE VEA do CEIP VILLAR PARAMÁ Dona MARINA SANCHEZ RODEIRO con DNI 44844520V en nome e representación da mesma co CIF G36276046

## MANIFESTAN

Que o Concello de A Estrada, a través da Concellería de Educación veñen colaborando no desenvolvemento na actividade cultural e educativa de A Estrada.

Que a cooperación entre Concellería de Educación do Concello de A Estrada e a ANPA OUTEIRO DE VEA DO CEIP VILLAR PARAMÁ co obxecto de mellorar e facilitar o desenvolvemento de actividades culturais, educativas, lúdicas, sociais, deportivas e actuacións e programas de conciliación de vida laboral e familiar a través de comedores escolares, /Plans Madruga polo que estiman preciso o establecemento de instrumentos formais, motivo de formalización do presente convenio.

Por iso, e coa capacidade legal de cada una das partes, recollida na normativa vixente

## OTORGAN

O presente Convenio de colaboración que se rexerá polas seguintes **CLÁUSULAS**:

**PRIMEIRA.-** O obxecto deste convenio é formalizar e articular a colaboración entre o Concello de A Estrada, a través da Concellería de Educación e a ANPA OUTEIRO DE VEA DO CEIP VILLAR PARAMÁ para colaborar no desenvolvemento da actividades culturais, educativas, formativas, lúdicas ou conservación , mantemento e actividades/servizos de conciliación da vida laboral e familiar (Plan madruga ou comedores escolares)



**SEGUNDA.-** O Concello de A Estrada comprométese a destinar a cantidade máxima de 300€ para as actividades estipuladas no presente convenio, a través da subvención consignada a nome do “ANPA OUTEIRO DE VEA DO CEIP VILLAR PARAMÁ”, na aplicación 323.1.489.00 no orzamento municipal en vigor.

Esta subvención é compatible con calquera outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para unha mesma finalidade, procedentes de calquera fóra da administración ou ente público ou privado, nacional, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

**TERCEIRA.-** A ANPA OUTEIRO DE VEA DO CEIP VILLAR PARAMÁ asume os seguintes compromisos:

- Realizar a actividade que fundamenta a concesión da subvención
- Xustificar ante o Concello a realización da actividade que determina o disfrute da subvención.
- Someterse ás actuacións de comprobación a efectuar polo Concello, así como a calquera outras de comprobación e control financeiro que podan realizar os órganos de control competentes, aportando a información que lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.
- Comunicar ao Concello a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, no momento da xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.
- Acreditar que se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas fiscais e de Seguridade Social.
- Proceder ao reintegro dos fondos recibidos nos supostos establecidos nas Bases de Execución do orzamento 2025, así como na estipulación quinta do presente convenio.
- Obter cantas autorizacións sexan precisas para o desenvolvemento da actividade subvencionada e cumprir as súas determinacións.
- Facilitar información do desenvolvemento da actividade, de cara ao seguimento por parte do Concello.
- Comunicar ao Concello a modificación de calquera circunstancia que fora tida en conta para a concesión da subvención.

#### **CUARTA. XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO.**

O pagamento da subvención que se instrumentaliza a través do presente Convenio se realizará unha vez os beneficiarios da subvencións xustifiquen destino dos fondos percibidos e que estes foron adicados á finalidade para a que



Ile foi concedida a subvención.

**O prazo límite para proceder a xustificación da axuda concedida será 26 de decembro de 2025.**

O pagamento da subvención efectuarase mediante o ingreso na conta bancaria sinalada para o efecto polo beneficiario, e terá lugar antes do 31 de decembro de 2025.

O importe dos gastos xustificativos deberá ser, como mínimo, o importe da cantidade asignada neste convenio. En caso de non xustificar o importe total do convenio verase reducido proporcionalmente o importe a percibir.

Para a xustificación das cantidades asignadas neste convenio, deberá presentarse a seguinte documentación:

- Memoria cuantificada da actividade realizada ou da obra realizada, co desglose de gastos e ingresos indicando a procedencia dos mesmos. (Conta xustificativa)
- Declaración xurada conforme a subvención foi empregada para os fins para os que foi concedida.
- Declaración da non percepción, ou percepción, se é o caso (detallando importes) doutras axudas públicas para as actividades subvencionadas
- Facturas/Certificacións orixinais do gasto realizado ou fotocopias debidamente cotexadas, e no seu caso acreditación de ter realizado o pagamento das mesmas mediante xustificante da transferencia bancaria ou certificación de pagamento ou recibín (na factura deberá constar firma orixinal do receptor do pago, DNI, e nome lexible).

No caso de que a ANPA OUTEIRO DE VEA DO CEIP VILLAR PARAMÁ non presente a xustificación do gasto no prazo sinalado procederase a iniciación do expediente de reintegro tal o como se contempla na Base X de execución do orzamento municipal vixente no 2025.

**QUINTA.-** Os asinantes deste convenio comprométense a cumprir todo o estipulado no mesmo e a resolver as posibles discrepancias no seo dunha Comisión de seguimento ( de composición paritaria) que se constituíra a demanda de calquera as dúas partes.

**SEXTA.-** O presente convenio terá a vixencia para as actividades realizadas durante o curso escolar 2024/2025 en concreto dende os meses de setembro de 2024 ata xuño de 2025 ambos incluídos.



Así conveñen o outorgan, e, tras a correspondente lectura, e en proba de conformidade, asinan os representante das partes, en duplicado exemplar e a un único efecto o presente Convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

D. Gonzalo Louzao Dono

Dona Marina Sanchez Rodeiro

Alcalde de A Estrada

Presidenta da ANPA ALECRIN

